Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Fauna

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O perrachín encantado (Cervantes, Lugo)

«No sitio de Vilavella, unha vez os do Tío Lourenzo, foron sacar pedra para cerrar un prado, e sacando na pedra, encontraron un perrachín (cadeliño). Eles agarraron e meteron o perrachín nunha chaqueta para despois á trade cando volvían á casa levalo. E cuando foron á tarde pre colle-lo perrachín desaparecera, e a chaqueta relumbraba como se fora ouro, porque aí nese sitio decían que había encantos, e os encantos desfacíanse tirándolle tres cospiñadas ó perrachín, e nos llas tiraron e o perrachín desapareceu.»

[Informante: Manuel Amigo (Vilanova do Pedregal)]

BIBLIOGRAFÍA

AMIGO GONZÁLEZ, Anabel (2002): «Cervantes (Lugo) concello de lenda. Recolleita dalgunhas do lugar», en Lucensia 24, Lugo, pp. 167-176.